



CONCELLO DE MIÑO
A Carreira, 38, 15630 Miño (A Coruña)
Télf.: 981 78 20 06 - 78 20 58
Servizos Sociais: 981 782 659
Fax: 981 78 31 75

UNIDADE: SECRETARIA

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MIÑO, CERTIFICO: que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de outubro de 2018 adoptouse o seguinte acordo:

**“5.- OUTROS ASUNTOS QUE SE DESEXAREN SOMETER Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
5.2. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA:
MARQUESIÑA DE ACCESO AO COLEXIO PÚBLICO CASTRO BAXOI, INCLUÍDA NO PAS 2015
(COMPLEMENTARIO)**

“Contratación por procedemento aberto simplifícadísimo para a obra marquesiña de acceso ao colexio público Castro - Baxoi (PAS 2015 complementario).

Examinado o expediente tramitado para a contratación por procedemento aberto simplifícadísimo da obra “PAS 2015 Complementario. Marquesiña de acceso ao colexio público Castro – Baxoi”, segundo proxecto redactado polo arquitecto Ignacio Pedrosa Pérez, cun ornamento total de licitación de 37.383,58€ (IVE incluído), aprobado en sesión plenaria de 15-12-2015.

Considerando acreditada no proxecto técnico a necesidade de levar a cabo esta contratación e a determinación do obxecto e contido do contrato de forma idónea para atender á natureza e extensión das necesidades a cubrir.

Considerando tamén xustificada a elección do procedemento ordinario de adxudicación en razón das características do contrato, cun só criterio de adxudicación posto que non se dan as circunstancias que a Lei establece para que proceda particularmente a valoración de máis dun criterio.

Logo de ver o Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares da Deputación provincial para contratación de obras por procedemento aberto simplifícadísimo, así como o correspondente cadro de características do contrato.

Logo de ver os informes emitidos por Intervención e por Secretaría, e considerando que se cumpren os requisitos esixidos polas disposicións de aplicación, a **Xunta de Goberno Local**, por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras asistentes (catro dun total de cinco), **acorda:**

1º.- Aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto simplifícadísimo a obra “PAS 2015 Complementario. Marquesiña de acceso ao colexio público Castro – Baxoi”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Ignacio Pedrosa Pérez aprobado en sesión plenaria de 15-12-2015, cun orzamento total de licitación de 37.383,58€ (IVE incluído), por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 2018.0.442.18J.629.00 do Presuposto municipal.

3º.- Utilizar nesta contratación, de conformidade coas Bases do plan provincial, o correspondente prego tipo de cláusulas administrativas particulares da Deputación provincial, xunto co cadro de características do contrato, que se aproba neste acto, e coas condicións facultativas do proxecto técnico aprobado, rexerá a preparación e desenvolvemento do contrato.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación no Perfil de Contratante do anuncio de licitación e demais información establecida no artigo 63 da Lei de Contratos do Sector Público, para a presentación de proposicións durante o prazo establecido no prego.”

Para que conste, asino a presente certificación ao abeiro e coas excepcións previstas no Art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a resultas do texto definitivo da acta; co visto e praxe do Sr. alcalde don Ricardo A.M. Sánchez Oroza.